

7/133 PLAN DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO DE LUGO PARA O ANO 2023.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa de Servizo de Contratación e Patrimonio, do 13 de marzo de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

“O artigo 28.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector publico establece “As entidades do sector público programarán a actividade de contratación pública, que desenvolverán nun exercicio orzamentario ou períodos plurianuais e darán a coñecer o seu plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa previsto no artigo 134 que ao menos recolla aqueles contratos que quedarán suxeitos a regulación harmonizada”

Sinalar que o anuncio de información previa previsto no artigo 134 se limita aos contratos suxeitos a regulación harmonizada cando se estime conveniente reducir os prazos de licitación nestes casos, que son 35 días naturais.

Este Plan anual de contratación é unha medida establecida na Lei para reforzar a transparencia e que fomenta a participación das empresas nos procedementos de contratación, xa que coñecen con antelación a actividade contractual que pretende realizar o Concello neste período. Así mesmo, este Plan serve de recordatorio aos diferentes responsables municipais para que realicen as xestións necesarias (fundamentalmente confección de pregos de especificacións técnicas e estudos de custos) para poder iniciar a contratación nas datas estimadas.

Este Plan anual recolle a relación dos contratos previstos remitidos polos diferentes servizos municipais e unidades xestoras, diferenciando por áreas de goberno-concellerías- unidades e por tipoloxía contractual: contratos de obras, servizos, subministracións e contratos administrativos especiais que se prevén licitar durante este exercicio 2023.

Este Plan non recolle, pola contra, os contratos en vigor, e que son susceptibles de prórroga por rematar durante o exercicio, agás a unidade xestora non teña intención de propoñer esta medida e inclúan os ditos contratos nas relacións de contratos remitidos.

Non se inclúen neste Plan os contratos menores que ten a súa propia tramitación, pero si as autorizacións ou concesións de dominio público xa que están suxeitos a un procedemento de concorrencia pública que se publica na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Dentro de cada contrato, indícase o valor estimado (dato non definitivo xa que nalgúns casos aínda non se dispón dos correspondentes estudos de custos ou pode sufrir algún tipo de axuste final), a duración estimada do contrato (compreensivo, así mesmo, das prórrogas previstas), o procedemento aplicable e a

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac2150553189496027164.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-3-2023

data estimada de remisión ao Servizo de Contratación e Patrimonio para os efectos de poder iniciar o procedemento de contratación oportuno.

Trátase en todo caso dun **Plan indicativo e orientativo** que non obriga a licitar todos os contratos relacionados nel nin nas condicións indicadas; por outra banda, este Plan tampouco esgota as posibilidades de realizar contratacións diferentes e que poidan ser necesarias ao longo do ano.

En canto ao órgano municipal competente para aprobar este plan, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, correspóndelle á Xunta de Goberno Local.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excma. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.ª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.ª MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan anual de contratación de 2023 do Concello de Lugo que se achega como **anexo**.

SEGUNDO.- Publicar o Plan anual de contratación de 2023 no Portal de Transparencia Municipal e páxina web.

TERCEIRO.- Darlles conta aos membros do goberno municipal e dependencias municipais afectadas.